

NOME DA ACTIVIDADE (ficha profesorado)

- **Se fose**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE DESINHIBICIÓN E COÑECEMENTO**

NIVEL

- **A1/A2**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Desinhibición para a participación na clase e activación do grupo.
- Preguntas e respostas de información persoal e presentación ante outras persoas.
- Léxico dos ámbitos fixados na tarxeta da actividade (animais, paisaxes, agasallos, partes do corpo, etc.).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado coñeza os nomes das compañeiras e compañeiros do grupo.
- Que o alumnado perda o medo de intervir na aula.
- Que o alumnado practique fórmulas de presentación, preguntas persoais, etc.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- A tarxeta de apoio pode ser adaptada para traballar o léxico que máis interese en cada circunstancia.
- Importante é facer unha posta en común e ir comentando esas semellanzas e variantes entre as e os participantes.
- Ao finalizar reparte as fichas aleatoriamente e que o grupo intente adiviñar de que persoa se trata en cada ficha.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

De xeito individual o alumnado vai encher unha ficha reflexionando sobre *quen seríamos se fôsemos outra persoa, ou un animal, ou un regalo...* Despois irán buscando compañeiras e compañeiros cos que compartan a escolla que fixeron e aproveitarán para apuntar o nome; poden buscar diferentes persoas para cada apartado.

MATERIAIS PARA A FICHA
------------------------

<b>Se fose (Pepe)</b>
-----------------------

Un animal: UN FELINO / UN GATO **Pepe** / María, Xan, Pepe...

Un libro: DE BANDA DESEÑADA / OS BARBANZÓNS **Pepe** / Luís, Natalia, Ramiro...

Unha paisaxe:

Un agasallo:

Unha canción:

Un lugar:

Un olor:

Un sabor:

<b>Tempos verbais</b>	
-----------------------	--

Se <b>fose</b> un...	<b>sería</b> ...
Se ti <b>foses</b> un...	<b>serías</b> ...